



APellidos, nome

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: PROMOTOR DADOAZÓN

PARTE COMÚN

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folia de exame" entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folia de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folia de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folia de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

- SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLIA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.

- ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EXERCICIO.

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. De acordo co artigo 44 da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos, o impedimento ou obstáculo do exercicio de acceso, cancelación e oposición ten a consideración de:

- A) Infracción leve. Poderá sancionarse con multa de 900 a 40 000 €.
- B) Infracción leve. Poderá sancionarse con multa de 900 a 4000 €.
- C) Infracción grave. Poderá sancionarse con multa de 40 001 a 300 000 €.
- D) Infracción moi grave. Poderá sancionarse con multa de 300 001 a 600 000 €.

2. De acordo coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, unha empresa que conte con 75 traballadores cunha relación contractual fixa ou indefinida deberá contar:

- A) Cun delegado de prevención.
- B) Con dous delegados de prevención.
- C) Neste caso, o delegado de prevención poderá ser o delegado de persoal.
- D) Debido ao número de traballadores que ten esta empresa, non será precisa a figura de delegado de prevención.

3. O orzamento do Parlamento de Galicia:

- A) Será fixado pola Xunta de Galicia.
- B) É fixado pola Consellería de Facenda.
- C) É fixado polo propio Parlamento.
- D) É fixado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

4. En relación co dereito constitucional que asiste aos españois para elixir libremente a súa residencia e a libre circulación polo territorio nacional:

- A) Non poderá ser obxecto de suspensión.
- B) Poderá ser suspendido cando se acorde a declaración do estado de alarma.
- C) Poderá ser suspendido cando se acorde a declaración do estado de excepción.
- D) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

5. De acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos, aquela información que faga referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual soamente poderá ser solicitada, cedida e tratada:

- A) Cando sexa solicitada por unha Administración pública.
- B) Se o afectado o consente expresamente.
- C) Cando así o dispoña unha lei.
- D) Son correctas as respostas B e C.

6. De acordo co estipulado no capítulo III do título 1 da Constitución española, sinala cal das seguintes respostas non constitúe un principio reitor da política social e económica:

- A) O recoñecemento do dereito á protección da saúde.
- B) A promoción e tutela, por parte dos poderes públicos, do acceso á cultura.
- C) A obrigaón de todos os cidadáns ao sostemento dos gastos públicos, de acordo coa súa capacidade económica.
- D) O dereito dos españois para gozar dunha vivenda digna.

7. Dos dereitos recollidos no artigo 10 da Lei xeral de sanidade, cal segue vixente?
- A) O dereito á confidencialidade de toda a información relacionada co proceso de cada usuario.
 - B) O dereito a que se lle asigne un médico que será o interlocutor principal do paciente co equipo asistencial.
 - C) O dereito a que quede constancia por escrito de todo o seu proceso. Ao finalizar a estancia do usuario nunha institución hospitalaria, o paciente, familiar ou persoa achegada recibirá o seu informe de alta.
 - D) As respostas A e B son correctas.
8. De acordo co establecido no Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde, poderase conceder excedencia voluntaria a aquel profesional que prestase servizos efectivos durante:
- A) Os tres anos inmediatamente anteriores.
 - B) Os cinco anos inmediatamente anteriores.
 - C) Os sete anos inmediatamente anteriores.
 - D) Os dez anos inmediatamente anteriores.
9. Indique cal das seguintes respostas non constitúe un principio que rexe a provisión de prazas do persoal estatutario dos servizos de saúde:
- A) Mobilidade do persoal no servizo de saúde promotor.
 - B) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección, promoción e mobilidade do persoal dos servizos de saúde.
 - C) Coordinación, cooperación e mutua información entre as administracións sanitarias públicas.
 - D) Participación das organizacións sindicais no proceso.
10. De acordo co Decreto 100/2005, do 21 de abril, polo que se regula a hemodoazón e hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia, e a teor do establecido no seu artigo 12, sinale que resposta non constitúe un programa do Plan de hemodoazón e hemoterapia de Galicia.
- A) Programa de seguimento da hemodoazón en Galicia.
 - B) Programa de promoción da doazón de sangue.
 - C) Programa de autosuficiencia en hemoderivados.
 - D) Programa de acreditación de servizos de transfusión.
11. A creación do Servizo Galego de Saúde materialízase mediante:
- A) A Lei 1/1988, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde.
 - B) A Lei 10/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde.
 - C) A Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde.
 - D) A Lei 10/1988, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde.

12. De acordo co estipulado na Lei xeral de sanidade, con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias, todos teñen, entre outros, o seguinte dereito (sinale o vixente):

- A) Á información sobre os servizos sanitarios a que poden acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.
- B) A participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias, nos termos establecidos pola Lei xeral de sanidade e nas disposicións que as desenvolvan.
- C) A que se lle estenda un certificado acreditativo do seu estado de saúde, cando a súa esixencia a estableza unha disposición legal ou regulamentaria.
- D) Son correctas as respostas A e B.